



Concello de Cospeito

FORMACIÓN DIXITAL PARA MULLERES EN COSPEITO

O **Concello de Cospeito** colabora con BeProject Consultores e Ara Formación no Proxecto formativo “**GALEGAS DIXITAIS**”.

Galegas Dixitais é un proxecto que ten como principal obxectivo mellorar as capacidades dixitais de mulleres desempregadas residentes en zonas rurais. Con este proxecto preténdese aprender a usar as novas tecnoloxías para o día a día ademais favorecer a capacidade de empregabilidade, impulsar o emprendemento e desenvolvemento rural e reducir a fenda de xénero.

O proxecto está financiado pola Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

Esta formación é unha oportunidade para poder adquirir habilidades e ferramentas que nos permitan adaptarnos a un mundo cada vez máis dixitalizado.

■ O itinerario formativo consta destes tres cursos:

- Competencias Dixitais Básicas 40 h
- Competencias Dixitais Avanzadas 40 h
- Competencias Dixitais para o emprendemento 40 h
- Módulo de Igualdade de oportunidades 5 h

■ Qué vantaxes terás participando neste proxecto?

1. Obtención dun **título oficial acreditativo**.
2. **Aprender e mellorar a túa capacidade de empregabilidade** e de xestión e comunicación coas administracións tan necesaria na actualidade.
3. Entrega en propiedade **dun ordenador portátil chromebook totalmente gratuíto** para poder pór en práctica todo o aprendido.

■ Requisitos:

Estar inscrita na Oficina de Emprego (como demandante de emprego ou mellora de emprego).

A formación impartirase nas Casas da Cultura de Muimenta e Feira do Monte.

■ **Nº de prazas: 15 en cada grupo**

■ **Prazo e lugar de inscrición:** As persoas interesadas poden recibir máis información ou realizar a inscrición ata o 30/09/2022 no **Departamento de Servizos Sociais do Concello de Cospeito** a través do teléfono **982 520001** ou ben no correo electrónico servisociais@concellodecospeito.es

